



Concello de Baralla

BANDO

**D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE – PRESIDENTE DO
CONCELLO DE BARALLA (LUGO),**

FAI SABER:

**Que está aberto o prazo para as solicitar as bonificación
de IBI seguintes:**

1.- Os suxeitos que ostenten a condición de titulares de familias numerosas (nas que estean empadroados todos os membros da mesma, durante todo o ano de aplicación da bonificación pretendida) e cuxos ingresos anuais brutos non superen a cantidade de 30.000 € gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- Xeral: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.**
- Especial: bonificación do 90% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos**

2.- Establecese unha bonificación do 75% da cota íntegra do imposto, a favor de aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas (agrarias, gandeiras e forestais), que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais,

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 4KX9PC625MGZAYCHKQK5SNW | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Baralla

histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

3.- Establecese unha bonificación do 75% da cota a favor dos bens inmobles rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

4.- Establecese unha bonificación de ata un 75% da cota integra do imposto a favor dos inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego, regulada no artigo 74.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Testo Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Para mais información e solicitadas axudas dirixirse a oficina do Técnico de Emprego Local: ou chamar ó 982363303, 982363221

Baralla, 2 de setembro de 2020
O ALCALDE
Asdo. Miguel González Piñeiro
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 4KX9PC625MG4ZAYCHKQ5SSNW | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2